

EXPTE. NÚM. 2022/G007/000020

DECRETO: 528/2022

CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO
14/10/2022

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

Comunicado por parte de dous membros da Xunta de Goberno Local a súa ausencia para o día 11/10/2022 no que correspondería a realización de sesión ordinaria do citado órgano colexiado, a mesma non foi convocada por coñecer a non concorrencia do quórum mínimo necesario.

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Extraordinaria da Xunta de Goberno Local para o

Día: venres 14 de outubro de 2022

Hora: 13:00

Lugar: CASA DO CONCELLO

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE , DA ACTA DO 27/09/2022
2. CP 2022/U026/000013 OBRAS DE CONSERVACIÓN E MELLORA DE FACHADA E CUBERTA EN VIVENDA EXISTENTE - DODRIÑO
3. AUTORIZACIÓN ACOMETIDA A REDE MUNICIPAL SANEAMENTO 2022/U010/000005
4. SAF BASICO ALTA EXPTE. 286 (A.M.M.)
5. SAF DEPENDENCIA (BAIXA EXPEDIENTE 194 - M.R.V.)
6. ENMENDA DE ERRO LIQUIDACIÓN DOS COPAGAMENTOS POLOS SERVIZOS DE SAF DEPENDENCIA MAIO 2022
7. LIQUIDACIÓN SAF DEPENDENCIA XUÑO 2022

8. LIQUIDACIÓN DO SAF DEPENDENCIA XULLO 2022
9. PROGRAMA DE AXUDAS DE ALIMENTOS 2022
10. CONTRATACIÓN EXECUCIÓN PROXECTO DE SUBSTITUCIÓN DE OBRA DE DRENAXE EN MANSELLE E OUTRO
11. CONTRATO DE SERVICIOS CONSISTENTE NO DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE "SEMANA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2022"
12. APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PROGRAMA A: ADQUISICIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS
13. GASTOS DESPRAZAMENTO ARQUITECTA MUNICIPAL CONFORME A CONVENIO COLABORACIÓN CO CONCELLO DE XERMADE
14. SOLICITUDE ABOAMENTO GASTOS LOCOMOCIÓN 1º , 2º E 3º TRIMESTRE EXERCICIO 2022
15. BOLSAS AOS PARTICIPANTES NO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO - MES DE AGOSTO
16. APROBACIÓN DO PADRÓN DA TAXA POLOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGUA, REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN, 3º TRIMESTRE DE 2022

SEGUNDO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, informándolles que están a súa disposición os antecedentes dos asuntos a tratar na sede electrónica do concello www.sede.dodro.gal no apartado "Portal de cargos electos"

Dodro, martes 11 de outubro de 2022

O alcalde accidental (Resolución da Alcaldía núm. 520 do 05/10/2022), Ramón Abuín Gómez

A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo